



**CONSELLO
ESCOLAR
MUNICIPAL
DE VIGO**

Sesión de constitución do Concello Escolar Municipal de Vigo Acta

Acta aprobada na sesión plenaria do día 01/07/2010

| | | | |
|---|---|-----------------|-------|
| Data | 12/05/2010 | | |
| Lugar | Instituto Municipal de Educación | | |
| Hora de comezo | 19:35 | Fin da xuntanza | 21:50 |
| Asisten | <ul style="list-style-type: none"> - Presidenta, Laura López Atrio - Secretario, Rafael Ojea Pérez - Representante Xunta de Galicia, Gonzalo Fernández Fernández - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> o Antonio Madrid Riskey o M^a del Carmen Lorenzo Vila o Marina Pérez Costas o Xesús Rodríguez Amil o Santiago Rodríguez Sánchez o María López Bodaño o Jesús A. Camino Soutullo o Isidro A. Amoedo Rodríguez o Mercedes Alonso Padrón - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> o Mónica Touza Troncoso o M^a Bertila Fernández Pérez o Xosé Manoel Pena Gayo o Beatriz Blanco Bastos o José F. Rodríguez Pérez o M^a Pilar Gabián Iglesias - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> o Manuel Rodríguez González o Joaquín Pereira Somoza o Anxo Queiruga Vila o José A. Fernández Rodríguez o Xan F. Centrón Montero o Rodrigo Romaní Blanco | | |
| Escusan asistencia | O alumnado non foi convocado xa que está desenvolvéndose o proceso de eleccións dos/as seus representantes. | | |
| Non asisten | <ul style="list-style-type: none"> - Sector docente: Adolfo Gálvez Pazos - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> o Alfonso Guitián Álvarez o Ángeles Arias Miño o Consuelo Martínez García o Dolores Casariego Lois | | |
| Asistencia técnica e Servizo de Educación | <ul style="list-style-type: none"> - Pedro Vázquez Iglesias (Técnico do Servizo de Educación). - Laura Cruz López (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV). | | |

Orde do día

1. Benvida do Alcalde.
2. Constitución do Pleno do CEMV.
3. Informe da Presidenta.
4. Nomeamento do/a Vicepresidente/a do CEMV.
5. Elección dos membros das comisións de traballo e dos/as vogais da Comisión Permanente.
6. Propostas de actuacións para o CEMV.
7. Rolda de preguntas.

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1. Benvida do Alcalde

Dá comezo a sesión constitutiva do CEMV coa intervención do Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez. Iníciase salientando a importancia e o especial interese que para o Goberno Municipal que preside, ten a participación regulada e activa no ámbito da Educación.

Indica que para a elaboración do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV houbo o máximo consenso no sector social, se ben, infelizmente, non foi posible acadalo plenamente no terreo político ao non conseguirse a súa aprobación no Pleno da Corporación por unanimidade, como era o seu desexo.

Ten como obxectivo na súa acción de goberno, facer da Educación en Vigo un referente, aínda que é consciente da importante problemática existente e das dificultades para atopar solucións axeitadas. Salienta o relevante esforzo municipal nesta materia, tanto directamente como a través da relación coa Xunta de Galicia como Administración educativa que exerce a maior parte das competencias.

Finaliza a súa intervención manifestando as prioridades da acción do goberno municipal nesta área:

- A atención ás necesidades sociais en Educación infantil de primeiro ciclo, manifestada a curto prazo pola próxima apertura de 4 novas Escolas Infantís Municipais de 0-3, cuxo proxecto se atopa nun avanzado estado de tramitación e execución;
- Os idiomas como liña con vocación, coa consecución do plurilingüismo con especial adicación ao 3º idioma. Neste sentido anuncia a potenciación dos programas municipais nesta materia, co aumento para o vindeiro curso dende as 250 bolsas de estudos actuais ata as 500.
- Preocupación polo servizo de Comedores Escolares, co aumento das bolsas de comedor e a colaboración coa Xunta de Galicia na mellora e dotación das instalacións;
- A consecución dun grande pacto educativo. Neste sentido anuncia a súa intención de que o Ministro de Educación poida ter presenza nunha sesión deste Consello Escolar Municipal;

Despídese, reiterando a súa intención de continuar coa práctica de reunións directas do Alcalde cos Directores dos Centros Educativos Públicos para coñecer de primeira man a súa problemática e, neste momento, de xeito especial, as distintas “sensacións” sobre o “problema idiomático”, e manifestando novamente a súa vontade de facer unha marcha coparticipada nas decisións en materia educativa tomando como lugar idóneo para facela, o propio CEMV.

2. Constitución do Pleno do CEMV

Toma a palabra o Secretario para indicar que, segundo o recollido na Disposición adicional 1ª do

Regulamento do CEMV, existe quorum abondo para a súa constitución formal, ao assistiren 24 persoas das 29 que o conforman, estando presentes, ademais, o Presidente e o Secretario.

O Sr. Alcalde, como Presidente nato do Consello, declara constituído o Consello Escolar Municipal de Vigo, dando a palabra ao Secretario que lé o Decreto da alcaldía polo que se Delega na Conselleira de Educación Dña. Laura López Atrio, a presidencia do CEMV (anexo 1).

Auséntase o Alcalde e pasa a presidir o CEMV, Dña. Laura López Atrio, quen saúda aos presentes e propón rematar este punto da orde de día cunha rolda de presentacións dos conselleiros e conselleiras, solicitándolles que expresen as súas expectativas sobre este Consello. Estas son:

- *Manuel Rodríguez*: Colaborar para que os nosos rapaces e rapazas vivan unha cidade mellor e se acade a excelencia educativa.
- *Francisco Rodríguez*: Esixir as mesmas oportunidades para os centros públicos e privados, e superar a discriminación existente entre as dúas tipoloxías, sobre todo tendo en conta que hai centros concertados en zonas socialmente moi desfavorecidas.
- *Beatriz Blanco*: Esixir os mesmos dereitos para os centros públicos e privados.
- *Pilar Gabián*: Trasladou a súa felicitación pola constitución do CEMV.
- *Mª Carmen Lorenzo*: Solventar a discriminación existente entre centros públicos e privados, no tocante a recursos, tendo en conta que a poboación é similar. Acadar a excelencia educativa.
- *Antonio Madrid*: Que o CEMV funcione de forma operativa. Abordar no seo do CEMV os problemas do ámbito educativo nos que o concello teña competencia (instalaciónns, actividades extraescolares...), para intentar solucionarlos.
- *Santiago Rodríguez*: Que se regularice o funcionamento do CEMV. Que sexa un organismo capaz de vehicular e elevar as iniciativas que se xeren no seu seo, ao goberno municipal de forma que se lles dea resposta.
- *Marina Pérez*: Participar e axudar na mellora da calidade do ensino público e privado.
- *Suso Rodríguez*: Interese do organismo como ente consultivo para abordar os problemas que existen no ámbito educativo. Recoller e debater sobre as diferentes inquedanzas e intereses. É importante que se manteña no tempo.
- *Jesús Camino*: Que podamos verificar as palabras do Alcalde.
- *María López*: Acadar melloras na condición do profesorado e na educación.
- *José A. Fernández*: Aportar a experiencia de cada quen, debater en pluralidade e liberdade e que o debate conflúa no ben exclusivo do alumnado, do profesorado e da ensinanza no seu conxunto.
- *Joaquín Pereira*: Procurar un ensino de calidade.
- *Anxo Queiruga*: Promover que as persoas con discapacidade teñan as mesmas oportunidades e garantías do seu proceso de formación.
- *Rodrigo Romaní*: Compartir puntos de vista sobre a educación e ter en conta sobre todo os esquecidos. Asesorar ao goberno municipal na toma de decisións.
- *Gonzalo Fernández*: Colaborar na mellora da calidade educativa.
- *Xan Centrón*: Afondar no tema da participación de todo o sistema educativo dentro da cidade. Crear propostas operativas e directas dentro do ensino en Vigo.
- *Mercedes Alonso*: Canalizar e facerse eco das demandas. Constituír un foro de debate eficaz e operativo.
- *José M. Pena*: Que sexa un órgano consultivo que solucione os problemas da educación en Vigo e lle dea o rango que merece á palabra educación.
- *Mónica Touza*: Mellorar a educación da cidade.
- *Bertila Fernández*: Que sexa un consello con vida, incluso en vacacións. Abordar o problema do abandono escolar prematuro. Xerar un diálogo recíproco coa Concellería de Educación.
- *Isidro Amoedo*: Que sirva como un órgano de reflexión e debate sobre a educación.
- *Rafael Ojea e Pedro Vázquez*: Prestar a máxima asistencia ao funcionamento do CEMV.

3. Informe da Presidenta

Constituído o CEMV a Presidenta informa de que o mandato dos e das conselleiras será de 4 cursos académicos (artigo 6.3), sendo a primeira renovación parcial, con carácter excepcional, aos 2 anos,

momento en que cesará por sorteo a metade dos/as concelleiros/as, agás o alumnado que cesará na súa totalidade. No artigo 7 recóllese a Perda da condición de conselleiro/a, no artigo 8 os Dereitos e obrigas, e na Disposición adicional 5ª a Publicidade dos cargos, polo que estarán dispoñibles na páxina web do CEMV.

A Presidenta trasladou o seu desexo e interese en que o CEMV se convirta nun órgano participativo con influencia na definición da Política Educativa do Concello de Vigo. Un espazo para o encontro e o diálogo, un órgano privilexiado no que manifestar as diferentes opinións e propostas para a mellora da educación na cidade. Aínda que se trata dun órgano consultivo, a súa configuración caracterizada por unha forte presenza social e profesional, outórgalle un peso significativo que deberá terse en conta na toma de decisións no ámbito político. Para isto, será importante promover o consenso nos acordos do CEMV.

Manifestou a necesidade de promover unha Política Educativa transversal, implicando ás diferentes concellerías do municipio, e aos diferentes axentes sociais, nun proxecto colectivo de educación e de cidadanía democrática, convertindo a Vigo nunha cidade educadora. Entende que o CEMV debe apostar pola educación como medio para promover a calidade de vida, o que pasa por considerar a educación ao longo da vida, non circunscrita a unha etapa vital, nin ao ensino regrado.

4. Nomeamento do/a Vicepresidente/a

Laura López Atrio, Presidenta do CEMV, propón como Vicepresidente do Pleno e da Comisión Permanente a *Xan Centrón Montero*. Como tal, obterá a condición de membro nato de calquera órgano colexiado do CEMV.

| Acordos adoptados |
|---|
| O Pleno acorda nomear ao conselleiro D. Xan Centrón Montero, como Vicepresidente do Consello Escolar Municipal. |
| Votos: 22 a favor, 0 en contra e 1 abstención |

5. Elección dos membros das comisións de traballo e dos/as vogais da Comisión Permanente.

Laura López Atrio, informa de que serán membros da Comisión Permanente: a presidenta, o vicepresidente, o secretario, os/as presidentes/as de cada unha das comisións de traballo, e un/ha vogal de cada un dos tres sectores do CEMV. As funcións da Comisión Permanente están recollidas no artigo 14.3 do Regulamento do CEMV.

En canto ás comisións de traballo, estarán formadas por tres membros, pertencentes a cada un dos tres sectores establecidos. Será a propia comisión de traballo a que defina as súas competencias. Non obstante, algún dos posibles temas das dúas comisións reguladas no CEMV poden ser:

- *Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa:* atención ao alumnado con problemáticas diversas; participación da comunidade educativa; formación das/os profesionais; relación da escola co territorio; actividades extraescolares; escolarización e diversidade...
- *Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa:* distribución dos centros e alumnado na cidade; proceso de matriculación; infraestruturas, barreiras arquitectónicas, recursos e investimentos; convenios e acordos de colaboración entre diversas institucións; servizos educativos complementarios: comedores, transporte; calendario escolar; rede de centros, etc.

Rafael Ojea, explicita o proceso de votación para a elección dos membros das comisións de traballo e da Comisión Permanente:

- Proposta de candidaturas en cada un dos sectores.
- Votación ou consenso dentro de cada sector.
- En caso de empate entre dous ou máis candidatos, votarase por parte do Pleno do CEMV.

Pedro Vázquez, informa do proceso que se está a desenvolver para a elección do alumnado representantes do CEMV. Creouse un censo dos/as representantes de alumnos/as dos consellos escolares dos centros da cidade, e desenvolveuse unha campaña de información sobre o CEMV e o proceso de elección. O xoves 13 de maio publicáronse as 8 candidaturas provisionais das que se dispoñen ata o momento, establecendo un prazo de reclamación de 2 días hábiles.

Cando se incorpore o alumnado, no seguinte Pleno, terá posibilidade de integrarse nas comisións de traballo como membros con dereito a voz pero non a voto.

Despois das explicacións, desenvolveuse o proceso de elección:

No seguinte cadro recóllense as candidaturas propostas para a Comisión Permanente e as comisións de traballo e os votos acadados. Contempláronse tamén as candidaturas das persoas que estaban ausentes, pero que manifestaron o seu interese na ficha de recollida de datos.

| Comisión | Sector docente | Sector usuarios/as | Sector social |
|---------------------|--|--|---|
| Permanente | <ul style="list-style-type: none"> • Santiago Rodríguez (6 votos) • M^a López Bodaño (2 votos) | <ul style="list-style-type: none"> • Bertila Fernández (consenso do sector) | <ul style="list-style-type: none"> • Alfonso Guitián (4 votos) • Joaquín Pereira (2 votos) • Anxo Queiruga (0 votos) |
| Equipamentos | <ul style="list-style-type: none"> • Mercedes Alonso (4 votos sector / 12 votos Pleno) • Jesús Camino (4 votos sector / 4 votos Pleno) | <ul style="list-style-type: none"> • Francisco Rodríguez (consenso do sector) | <ul style="list-style-type: none"> • Alfonso Guitián (3 votos) • Joaquín Pereira (2 votos) • José A. Fernández (2 votos) |
| Pedagóxica | <ul style="list-style-type: none"> • M^a Carmen Lorenzo (única candidatura) | <ul style="list-style-type: none"> • Mónica Touza (consenso do sector) | <ul style="list-style-type: none"> • Manuel Rodríguez (3 votos) • Anxo Queiruga (0 votos) • Ángeles Árias (0 votos) |

Rafael Ojea informa de que ademais das tres persoas representantes de cada un dos sectores, unha vez rematada a elección, o Pleno poderá acordar a incorporación ás comisións doutros representantes que actuarán con voz pero sen voto.

No seguinte cadro recóllense as persoas dos tres sectores que solicitaron a súa integración nas comisións de traballo, sendo aprobado polo Pleno.

| Comisión | Sector docente | Sector usuarios/as | Sector social |
|--------------|--|--|---|
| Equipamentos | <ul style="list-style-type: none"> • Jesús Camino • Santiago Rodríguez | <ul style="list-style-type: none"> • Xosé M. Pena • M^a Pilar Gabián | <ul style="list-style-type: none"> • Joaquín Pereira • José A. Fernández • Anxo Queiruga |
| Pedagóxica | <ul style="list-style-type: none"> • María López • Isidro Amoedo • Marina Pérez | <ul style="list-style-type: none"> • Beatriz Blanco • Bertila Fernández | <ul style="list-style-type: none"> • Anxo Queiruga • Joaquín Pereira • Rodrigo Romaní |

Acordos adoptados

Constitución da Comisión Permanente:

- Presidenta: Laura López Atrio (por regulamento)

| |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Vicepresidente: Xan Centrón Montero (por regulamento) - Secretario: Rafael Ojea Pérez (por regulamento) - Sector docente: Santiago Rodríguez Sánchez (6 votos a favor) - Sector usuarios/as: Bertila Fernández Pérez (consenso do sector) - Sector social: Alfonso Guitián Álvarez (4 votos a favor) |
| <p>Constitución da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa: <i>3 representantes con voz e voto:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Sector docente: M^a del Carmen Lorenzo Vila (única candidatura) - Sector usuarios/as: Mónica Touza Troncoso (consenso do sector) - Sector social: Manuel Rodríguez González (3 votos a favor) <p><i>8 representantes con voz e sen voto (consenso do Pleno):</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Sector docente: M^a López Bodaño, Isidro Amoedo Rodríguez e Marina Pérez Costas - Sector usuarios/as: Beatriz Blanco Bastos e Bertila Fernández Pérez. - Sector social: Anxo Queiruga Vila, Rodrigo Romaní Blanco e Joaquín Pereira Somoza |
| <p>Constitución da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa: <i>3 representantes con voz e voto:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Sector docente: Mercedes Alonso Padrón (4 votos a favor) - Sector usuarios/as: José F. Rodríguez Pérez (consenso do sector) - Sector social: Alfonso Guitián Álvarez (3 votos a favor) <p><i>7 representantes con voz e sen voto (consenso do Pleno):</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Sector docente: Jesús A. Camino Soutullo e Santiago Rodríguez Sánchez - Sector usuarios/as: M^a Pilar Gabián Iglesias e Xosé Manoel Pena Gayo - Sector social: Joaquín Pereira Somoza, Anxo Queiruga Vila e José A. Fernández Rodríguez |

6. Propostas de actuación do CEMV

Laura López Atrio, pon en común as temáticas e inxerencias trasladadas polas/os concelleiras/os na ficha de recollida de datos. Estas son:

- *Calidade:* do ensino público, calidade docente.
- *Programas:* dinamización da lectura, normalización e dinamización do galego, onvivencia nos centros educativos, novas tecnoloxías, campañas de concienciación cidadá, estadías non estranxeiro, conciliación da vida familiar e laboral, educación para o emprego, actividades artísticas en comunidade, divulgación das actividades musicais e escénicas na escola, atención á diversidade, actividades complementarias ou extraescolares, formación do profesorado, formación de pais/nais de alumnos/as, integración de persoas con discapacidade (adaptacións curriculares, eliminación de barreiras físicas e sociais, profesorado de apoio, coidadores/as, novas tecnoloxías...).
- *Recursos:* comedores escolares, axudas, transporte, compra de libros e material didáctico, a igualdade de recursos entre centros públicos e concertados, axudas ás familias, axudas a centros sostidas con fondos públicos.
- *Participación/colaboración:* da comunidade, implicacións das familias no proceso educativo, relación familia-escola, relación centros-administración, relación da comunidade educativa con outras comunidades sociais e culturais.
- *Problemáticas:* absentismo escolar, fracaso e abandono escolar, situación do profesorado (autoridade, apoio social...), condicións laborais do profesorado.
- *Escolarización:* oferta de prazas en infantil, postos escolares públicos no centro de Vigo
- *Infraestruturas:* mantemento dos centros, instalacións, novas construcións.

Rafael Ojea, informa de que no seguinte Pleno definiranse as actuacións do CEMV para o curso académico do ano que vén, polo que antes do Pleno, as comisións de traballo e a Permanente deberán estar en funcionamento para que se formalicen as propostas.

Nas comisións deberá definirse tamén o proceso de toma de decisións, considerándose prioritario o consenso, tratando de integrar, no posible, as diferentes sensibilidades.

7. Convocatoria próximo Pleno e Comisión Permanente

Laura López Atrio, informa de que o artigo 17 do Regulamento establece un réxime de xuntanzas ordinarias trimestrais, indicando que, necesariamente, dúas destas xuntanzas coincidirán co primeiro e o último trimestre do curso escolar. A xuntanza de hoxe se corresponde coa sesión de constitución, non co primeiro Pleno do CEMV, polo que é necesario convocar este antes de rematar o curso escolar, no mes de xuño ou xullo.

Tendo en conta a dispoñibilidade trasladada nas fichas, os días máis acordes coa maioría son os luns e os mércores a partir das 18 horas.

| Acordos adoptados por consenso | |
|--------------------------------|---|
| - | Celebrar a primeira xuntanza da Comisión Permanente o luns 21 de xuño ás 18:00 en primeira convocatoria. |
| - | Celebrar o primeiro Pleno o mércores 30 de xuño ás 18:00 en primeira convocatoria |
| - | Enviar os datos dos membros do CEMV ao Pleno |

Rafael Ojea informa de que a primeira convocatoria das comisións de traballo se realizará dende a Concellería e a partir de aí convocará o presidente ou a presidenta.

Laura Cruz informa de que o CEMV disporá dun portal web propio, concebido como ferramenta de participación da comunidade educativa e dos membros do Consello. A comunidade educativa poderá estar informada e participar a través das “Novas” que funcionan como un blog, e da sección “Opina”, no que poderán trasladar as súas suxestións e mesmo anexar documentos.

A web contará tamén cun Área privada de acceso restrinxido aos membros do CEMV, no que se disporá de diferentes ferramentas para o traballo virtual: foro, calendario compartido, espazo no que compartir documentos e un chat para facer reunións virtuais. Ofertarase unha xuntanza formativa para presentar e aprender manexar a web do CEMV.

Para as xuntanzas presenciais, os espazos do IME están a disposición do CEMV, así como os da Concellería de Educación.

8. Rolda de preguntas

Pregunta: Santiago Rodríguez

- Información da situación do colexio Altamar e as necesidades que ten o centro. A comunidade educativa solicitou entrevista co Alcalde e non foron recibidos. Insta á concelleira a que se resolva esta situación.
- Información da proposta sindical conxunta nos centros de ensino a través dos consellos escolares de centro, para que se postulen sobre o Dictame do Consello Escolar de Galicia en contra do Decreto do Galego da Xunta de Galicia. Informar tamén da manifestación do 17 de maio a favor da lingua galega.

Resposta: Laura López Atrio

- O concello está ao tanto da situación, e o centro escolar está ao tanto das xestións que se están realizando para poder solucionalo.

Pregunta: Antonio Madrid

- Pódense mandar preguntas ao concello para que se respondan no próximo Pleno do CEMV?

Resposta: Rafael Ojea

- É importante diferenciar este organismo doutros. É un organismo consultivo e de participación. As preguntas á Concellería pódense facer dende outros ámbitos e a través doutros mecanismos. A presentación de informes e dictames vén establecida no Regulamento do CEMV. Débense canalizar os asuntos a través da Comisión Permanente e das comisións de traballo.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidenta dá por finalizada a sesión plenaria, ás 21,50 horas do 12 de maio de 2010.


Incorpóranse como anexos á presente acta, os Decretos de designación de Secretario do CEMV e de Delegación da Presidencia na Concelleira delegada de Educación.

Incidencias

- *Joaquín Pereira* acudiu en substitución de Purificación Prieto Muíños, como representante de Titular de centros privados. Esta substitución será de carácter permanente.

- *Antonio Madrid* solicitou información sobre o proceso de elección dos representantes do sector docente, e mostrou ao Secretario a súa disconformidade co criterio establecido de basearse na distribución de delegados/as e non no número de votos acadados no proceso de eleccións sindicais.

O SECRETARIO DO CEMV



Rafael Ojea Pérez

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV



Laura López Atrio

Anexos

CONCELLO DE VIGO

Educación

expte. 11645-332

DECRETO:

De conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía-Presidencia:

RESOLVE:

Primeiro.- Delegar na Concelleira Delegada da Área de Educación, dona LAURA LÓPEZ ATRIO, as atribucións precisas para a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

Segundo.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data deste Decreto, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente se publicará na rede de Intranet do Concello ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

Terceiro.- Da presente resolución deberá darse conta ó Pleno da Corporación na próxima sesión que realice, ó Consello Escolar Municipal e demais interesados.

Vigo, 21 de abril de 2010

Ante min:

O ALCALDE,

O SECRETARIO DO GOBERNO,

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela

CONCELLO DE VIGO
Educación

DECRETO

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e acordo do Pleno da Excma.Corporación de 26 de abril de 2010 no que se recolle a resolución na que o Sr.Alcalde delega a Presidencia do Consello Escolar Municipal.

RESOLVO:

- 1.- Nomear a D.RAFAEL OJEA PÉREZ, Secretario do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), de acordo co o artigo 12. 1 do Regulamento de organización e funcionamento do mesmo.
- 2.- Nomear a D.PEDRO MARÍA VÁZQUEZ IGLESIAS, Secretario sustituto do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), de acordo co artigo 12.3 do Regulamento de organización e funcionamento do mesmo.

VIGO, 30 de abril de 2010

A CONCELLEIRA-DELEGADA,

Asdo.: Laura López Atrio

